



Concello de Ortigueira

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Exp.: 419/2023

Asunto: Contratación da concesión dos servizos de hostalaría e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta 2023

O Festival Internacional do Mundo celta de Ortigueira, declarado de interese turístico internacional polo ministerio de Industria de España no ano 2005, é o mais importante de España nesta especialidade e o motor impulsor da economía e do coñecemento de Ortigueira por todo o mundo.

O obxectivo e finalidade última deste evento é promover a musica celta e a relación intercultural entre músicos e artistas de diferentes nacións, o desenvolvemento económico da comarca e a potenciación de Ortigueira como destino diferente.

Para o adecuado desenvolvemento do Festival, resulta imprescindible a prestación de servizos complementarios de restauración e hostalaría para atender á demanda do público asistente, participantes e seguidores.

As prestacións deste contrato deben desenvolverse por empresas especializadas, ao carecer esta administración dos medios humanos e dos recursos técnicos suficientes e adecuados para iso.

Dada conta de canto antecede, e de conformidade co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 **DISPOÑO:**

Primeiro: Que se inicien as actuacións preparatorias do citado expediente de contratación.

Segundo: Que pola concellería delegada, servizo ou órgano competente se redacte informe xustificativo da contratación, consonte ao artigo 28 da LCSP

Terceiro: Que polo Servizo promotor de contrato se elabore unha Memoria de viabilidade económico-financeira dos servizos a adxudicar.

Cuarto: Que pola intervención se emita informe sobre as porcentaxes dos recursos ordinarios do orzamento a efectos da determinación dos órganos competentes para a contratación.

Quinto: Que polos servizos xurídicos e técnicos municipais se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, respectivamente, que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación, conforme ás directrices que se estipulen no antedito informe de necesidade.

Sexto: Que unha vez elaborados pregos de cláusulas administrativas particulares, pola Secretaría se emita o preceptivo informe respecto dos mesmos e do expediente de contratación, e, de ser o caso, pola Intervención se emita o preceptivo informe de fiscalización.

Juan Vicente Penabad Muras

Alcalde

Documento asinado electronicamente

